

UNHA APROXIMACIÓN Ó ORZAMENTO COMUNITARIO¹

JOAN COLOM I NAVAL
Eurodiputado polo PSOE

Recibido: 4 Xuño 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

No marco das conferencias que se veñen desenvolvendo no Master de Administración Financeira e Tributaria, froito da colaboración entre o Instituto de Estudos Fiscais (Secretaría de Estado de Facenda) e a Universidade de Santiago de Compostela, tivémo-la oportunidade de achegarnos a través da conferencia do eurodiputado Joan Colom i Naval a unha visión esquemática e moi actual do que é o orzamento da Unión Europea (UE).

A primeira idea que nos transmitiu é que "o presuposto é política e é poder; é un instrumento de poder en si mesmo, incluso no seu procedemento". Así, hai unha loita institucional para adquirir competencias e evitar que o "veciño" assuma. Neste sentido, no seo da UE hai un reducido *lobby* que é o que exerce o poder sobre o orzamento comunitario e que non supera a ducia de funcionarios.

En segundo lugar, expuxo a configuración institucional da UE: por unha parte, a *Comisión Europea* (que se configura como un executivo especial e moi particular); por outra, o *Consello* (que vén a configurarse como un senado territorial no seo da Unión, a imaxe do modelo alemán, no que residen os poderes lexislativos máximos da Unión Europea, así como parte do executivo) e, finalmente, o *Parlamento Europeo*.

De seguido mostráronse os trazos xerais do proceso de elaboración do orzamento que, nalgúns casos, se separan da estricta lóxica económica e xurídica, formando máis ben parte do anecdotario común que se pode formular en calquera proceso negociador, pero que, como se desprendía das palabras de Joan Colom, ten certa relevancia na elaboración do presuposto. De forma resumida explicou que en febreiro-marzo do ano anterior a Comisión fixa os datos básicos e establece o TMA para, con posterioridade, remitilo ó Parlamento Europeo (PE) que realiza un debate de resolución e dicta unha serie de orientacións xerais. Remítese ó Consello que, á súa vez, establece as súas propias orientacións xerais. Despois desta primeira análise individual por parte destas dúas institucións comunitarias, prodúcese o primeiro *triálogo* no que se inclúe ó Parlamento, que se desenvolve nun Comité que elabora durante o mes de maio un anteproxecto orzamentario. Este é remitido ó Consello para que nos meses de xuño-xullo sexa analizado polo Comité de Presupostos e polo COREPER, producíndose un segundo *triálogo* posterior e, de se-lo caso, unha eventual concertación que se remite ó Consello de Presupostos. Neste momento os representantes do PE contan cuns días nos que expoñen ó Consello o seu punto

¹ Resumo da conferencia pronunciada por D. Joan Colom i Naval dentro do Master de Administración Financeira e Tributaria que se desenvolve na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

dé vista sobre a evolución do ciclo presupostario. Tras esta exposición (que empeza cara ás 12 do mediodía), seguen cun aperitivo conxunto máis ou menos sobre ás 13:15 horas entre tódolos integrantes do Consello de Presupostos. Finalmente teñen lugar dúas comidas de traballo, unha cos ministros, comisarios e parlamentarios e outra cos funcionarios comunitarios que participan na elaboración do presuposto. Destácanse na conferencia estes aspectos que, en principio, poderían parecer superfluos ou de simple anecdótico porque, en palabras do conferenciante, é precisamente nestas reunións onde se liman a meirande parte das asperezas e diferencias de criterio en torno á elaboración do orzamento.

Unha vez realizado o proxecto de orzamento do Consello e transcorrido o período vacacional do mes de agosto, este debe ser remitido ó PE (establecéndose como data límite para tal efecto o día 5 de outubro). Unha vez que o PE recibe do Consello o proxecto de orzamento, procede á súa lectura, que se desenvolve no Comité de Presupostos, a ponencia xeral e as ponencias doutras institucións. É aquí onde poden ter cabida as propostas de alteración do orzamento, que poden ser presentadas polos parlamentarios a título individual, por comisións parlamentarias ou por grupos políticos.

Trala lectura do proxecto, unha vez introducidas as posibles propostas de alteración, sométese a debate polo pleno do PE, do que sae un anteprojecto de orzamento do PE que é remitido ó Consello. Este, no mes de novembro, efectúa unha segunda lectura na que se fixan e se deciden os gastos obrigatorios do orzamento definitivo para, posteriormente, remitilo ó PE para unha segunda lectura. Nesta segunda lectura o PE xa non ten poder de decisión nin influencia sobre algunhas partidas presupostarias, como os devanditos gastos obrigatorios.

Rematada esta fase de aprobación definitiva, que se leva a cabo no mes de decembro do ano anterior, só queda proceder á execución do orzamento por parte da Comisión para o exercicio orzamentario en curso.

Por último, o Sr. Colom referiuse á diferenza entre gastos non obrigatorios e gastos obrigatorios, que teñen unha gran transcendencia política no desenvolvemento e execución presupostaria, pois en función da porcentaxe que representen os uns e os outros, tanto maior ou menor será a capacidade de influencia no orzamento por parte do Consello e do Parlamento Europeo. Como xa se dixo, os gastos obrigatorios son fixados e decididos en última instancia polo Consello en segunda lectura, mentres que sobre os gastos non obrigatorios o PE ten a última palabra na súa segunda lectura, que é previa á aprobación definitiva do orzamento da Unión Europea.

Sen embargo, sinalouse que establece-la diferenciación entre gastos obrigatorios e non obrigatorios pode resultar obsoleto pois, coas previsións financeiras por capítulos de gasto plurianuais introducidas nos sucesivos presupostos ano tras ano, prodúcese unha modificación implícita e en bloque dos gastos.

JOSÉ ANGELO BECEIRO GARCÍA

Alumno do Master de Administración Financeira e Tributaria
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela